

Introdución

Contexto histórico

O porco celta é una raza autóctona de Galicia, empregada principalmente en sistemas ao ar libre. Dentro do catálogo oficial de razas do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación está catalogada como raza autóctona en perigo de extinción. Esta raza era a máis importante en Galicia ata principios do século XX, pero ao chegar á súa metade só o 14% dos porcos en Galicia eran da raza porco celta, e máis

Importancia da conservación

A Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (ASOPOR-CEL) é actualmente a entidade que ten como obxectivo conservar e recuperar a raza, ademais da súa difusión. Por outra banda, proporciona asesoramento técnico aos gandeiros, fomentando a modernización e profesionalización das gandarías.

A conservación da raza permite manter un recurso xenético como patrimonio natural de Galicia, ao tempo que xoga un importante papel na conservación do rural galego, onde contribúe a fixar poboación e a preservar a riqueza natural.

Estes animais mantéñense comunmente en réxime semiextensivo. Isto implica que teñen oportunidades de pastoreo e aproveitamento dos recursos naturais que proporcio-

adiante chegou case a desaparecer do territorio galego, ao impoñérense as razas de produción convencional intensiva. A situación actual é máis propicia, dende que en 1999 se puxo en marcha un programa de conservación e recuperación. Esta mesma situación deuse en moitas outras razas autóctonas en Galicia.

nan os bosques autóctonos galegos. No entanto, reciben tamén suplemento en forma de penso (con diferentes proporcións de cereais segundo a idade dos animais), especialmente nas épocas en que os recursos naturais escasean máis, como o verán.

Deste xeito, o seu uso como raza de produción favorece unha práctica gandeira sostible, compatible co modelo europeo de produción agroalimentaria. Ademais, contribúe á limpeza e conservación do monte e á prevención de incendios forestais, e axuda tamén a manter ecosistemas que doutro xeito estarían en risco ou desaparecidos. Isto último explícase principalmente porque a súa presenza no medio permite restablecer determinadas cadeas tróficas.



Características da raza

Como raza autóctona é un animal rústico, adaptado á orografía e á climatoloxía de Galicia. Así, é menos esixente en man de obra e atención ca outras razas de produción convencionais, algo que permite compatibilizar a súa produción con outras actividades profesionais.

Morfoloxicamente, destaca a súa cabeza, de tamaño grande, forte, e alongada (imaxe 1). O focinho é ancho e grosso, apropiado para fozar e aproveitar os recursos do

medio. Destacan tamén as orellas grandes e caídas, que cobren os ollos. As extremidades son longas e fortes, con pezuños fortes e duros, adaptados á vida ao ar libre e a unha actividade locomotora intensa. O terço distal é escaso e dá lugar a xamóns coa típica forma “de violín”. A cola é grossa e longa e está provista no seu extremo dunha borla; habitualmente está estirada, pero tórcese de forma típica cando o animal está nervioso.

Variedades

Distínguense tres variedades segundo a tonalidade da pelaxe. A *barcina* posúe pequenas pigmentacións, coma manchas de color agrisada ou lousa (imaxe 1). A *santia-guesa* caracterízase por posuír unha pel rosada con ausen-

cia total de pigmentacións (imaxe 2). Por último, a *carballina* presenta extensas pigmentacións negras brillantes, que en ocasións poden chegar a cubrir todo o corpo (imaxe 2).

Sistema de cría



Imaxe 3



Imaxe 4



Imaxe 5

DATOS REPRODUTIVOS

Primeira inseminación (meses)	10-11
Duración da xestación (días)	114-115
Intervalo entre partos (días)	180
Número partos/ano	2
Prolificidade (nº bacoriños/parto)	12-14
Duración da lactación (días)	45-60
Número de bacoriños destetados	8-9

Aínda que se trata dunha raza prolífica, o rendemento reprodutivo das femias é inferior ao do porcino convencional: por exemplo, acádanse 2 partos por femia cada ano fronte aos 2,3 ou máis en produción convencional. Esta raza non foi sometida a un proceso de mellora xenética para maximizar o potencial produtivo, senón que o obxec-

Reprodutoras

As femias paren en porqueiras de maternidade, sen gaiolas (imaxe 3), ao revés do que ocorre en sistemas convencionais intensivos (imaxe 4). Isto permítelle á nai desenvolver o comportamento de elaboración do niño, necesidade comportamental que contribúe ao seu benestar. As femias de porcino, se poden, constrúen un niño con palla ou outros substratos vexetais preto da zona do parto. Este comportamento está regulado polos cambios hormonais que teñen lugar neste período. A imposibilidade de practicar esta conduta pode inducir partos máis longos e incremento da mortalidade neonatal. A maior posibilidade de contacto coa camada tamén contribúe a reducir o estrés da femia arredor do parto e a lactación, así como a cantidade de úlceras nos ombreiros, habituais nas femias engaioladas.

As gaiolas empregadas en produción convencional están deseñadas para evitar movementos bruscos da femia, que poidan provocar o esmagamento dos bacoriños, sobre todo nos primeiros días logo do nacemento. Nos sistemas de porco celta, ao non haber gaiolas, unha alternativa para diminuír estes accidentes é empregar muros inclinados de madeira nos paridoiros; isto permite que a femia se deite mentres esvara contra unha parede, algo que ela prefere (figura 1).

O máis común é que as femias pairan de xeito natural, sen indución do parto.

A fase de lactación prolóngase ata os 45-60 días de vida dos bacoriños, moito máis que nos sistemas convencionais, onde non se superan os 28 días. Os bacoriños poden saír ao exterior dende pouco despois de nacer, se as condicións climáticas o permiten, e interactuar con animais doutras camadas (imaxe 5).

Todos estes factores favorecen a aprendizaxe social do bacoriño, e contribúen a desenvolver o comportamento exploratorio típico do animal, ao tempo que fomentan o comportamento de xogo. Isto permítelles adquirir unha competencia comportamental adecuada, que contribúe ao seu benestar e á capacidade de afrontar desafíos en etapas posteriores da vida.




Fig. 1

tivo é proporcionar un produto de calidade diferencial. Coma outras razas autóctonas, o formato e características da raza relaciónanse fundamentalmente coa selección baseada na observación realizada polos nosos devanceiros, que buscaban o animal que mellor se adaptase ao medio e fose resistente.

Procedementos en bacoriños



Corte de rabos

Neste sistema non se lles corta o rabo aos bacoriños, xa que o risco de caudofaxia é baixo (imaxe 6). O motivo é que os animais poden manifestar un comportamento exploratorio normal ao vivir ao ar libre e completar a fase de forraxeamento do comportamento alimentario. Outros factores de risco relacionados coa caudofaxia, como a densidade excesiva ou a insuficiente ventilación non son comúns na produción de porco celta.

Os bacoriños non reciben normalmente suplemento de ferro como si ocorre na produción convencional. Isto é así polo seu crecemento lento e o acceso a recursos naturais con maior contido deste mineral.

Castración

Neste sistema cástranse os machos (para evitar o cheiro a bravún da carne, xerado pola androsterona e o escatol que se acumulan no tecido adiposo), algo que pode ter incidencia no benestar animal se non se aplican métodos para mitigar a dor. Esta práctica é cada vez menos frecuente en produción convencional, onde a tendencia é suprimila por motivos de benestar, e tamén porque é menos necesaria ao teren os animais en produción convencional unha lonxevidade moito menor.

Adicionalmente, as femias de porco celta tamén se castran con frecuencia para evitar a posible hibridación con xabarís (a imaxe 7 mostra o resultado deste cruzamento), xa que o contacto entre ambas as especies é moi posible dado o sistema de manexo. Estes animais híbridos non ofrecen un rendemento adecuado para a súa cría e venda. Ademais, a castración de femias elimina a actividade ovárica cíclica, cuxa persistencia dificultaría o manexo dos animais durante o estro e podería afectar o seu rendemento.

Como alternativa á castración cirúrxica pode optarse pola inmunocastración, baseada na aplicación da hormona liberadora de gonadotropina (GnRH) cunha estrutura modificada, o que induce a xeración de anticorpos fronte a ela, anticorpos que tamén neutralizarán a GnRH endóxena que produce o animal cando acada a puberdade. Así, ao paralizar a acción da GnRH non se producirá hormona foliculoestimulante (FSH) nin hormona luteinizante (LH) a nivel hipofisario, o que alterará a normal función testicular e ovárica. Este procedemento precisa unicamente da aplicación das correspondentes doses, normalmente por vía subcutánea, polo que non compromete o benestar animal. No entanto, na produción de porcino celta o principal limitante para o seu emprego é a propia lonxevidade dos animais, que obriga a usar un maior número de doses (en produción convencional o común son só dúas) e encarece o procedemento.



Vincadura ou anelamento

Outro procedemento que por veces se practica en sistemas onde os animais están ao ar libre é a vincadura ou anelamento. Ten como obxectivo inhibir o comportamento natural de fozar e minimizar os danos nos pastos no ecosistema típico onde pacen estes animais (imaxe 8). Pero é unha práctica con graves inconvenientes: a súa colocación é dolorosa e esta dor pode durar horas ou aínda días, xa que o disco nasal é moi sensible ao estar innervado por unha alta densidade de nervios sensoriais; pero ademais inhibe un comportamento natural dos porcos. En calquera caso, no porco

celta este procedemento é pouco habitual, ao revés do que ocorre noutras razas autóctonas, como o porco ibérico, na época de montaña. Para evitar danos ao ecosistema trabállase con densidades baixas de animais (indicadas pola lexislación) e sistemas rotacionais de pastoreo. Algunhas granxas incluso se deseñan de forma que toda a instalación se pode trasladar dunha área a outra. Igualmente, usando cabanas ben deseñadas e abundante material de cama, o problema de fozar e escavar que por veces se observa dentro da propia cabana pódese minimizar.

Rendemento produtivo



DATOS PRODUCTIVOS

Peso ao nacemento (kg)	1,1-1,3
Peso á desteta (kg)	5-8
Peso á saída da transición (kg)	18-22
Idade ao sacrificio (meses)	12-14
Peso ao sacrificio (kg)	140
Ganancia media diaria (g/día)	300

A calidade da carne vén determinada polo sistema de cría

Na actualidade os produtos derivados da raza distribúense no mercado co logotipo 100% Raza Autóctona Porco Celta, o que a converte na primeira raza autóctona porcina española á que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación autoriza este uso.

Ese logotipo é un selo oficial, diferenciado e recoñecible, identificador dos produtos procedentes de animais de razas

autóctonas españolas, que lles ofrece aos consumidores garantías da orixe dos produtos que consomen; neste caso, a pureza da raza e da cría dos animais mediante sistemas ao ar libre, baseados nunha alimentación natural cun pastoreo enfocado ao aproveitamento dos recursos naturais.

Os bacoriños de porco celta teñen un crecemento máis lento que os de produción convencional, e sacrificanse máis tardiamente. Isto, xunto co tipo de alimento que reciben e o potencial xenético da raza, permite:

- Maior cantidade de graxa infiltrada no tecido muscular, o lle que confire unhas características organolépticas particulares.
- Graxa cun perfil de ácidos graxos máis insaturado.

Son animais con maior actividade física:

- A carne é vermella a causa da maior presenza de mioglobina muscular (comparada coa carne abrancazada do porcino convencional).

A alimentación dispoñible para os animais ao ar libre tamén fornece:

- Alto contido en minerais e vitaminas na carne. Por exemplo, débese ao alto contido de vitamina E a súa función antioxidante, que lle proporciona durabilidade. Como se mencionou anteriormente, tamén contén unha cantidade importante de ferro biodispoñible procedente da mioglobina.

Lexislación

A lexislación específica aplicable é o [Decreto 223/2011](#) da Xunta de Galicia, polo que se desenvolven as normas básicas de ordenación das explotacións porcinas extensivas e se crea o Rexistro Galego de Explotacións Porcinas Extensivas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta normativa establece prácticas que eviten a sobreexplotación do ecosistema de soporte e favorezan a utilización racional do terreo e dos recursos naturais. Deste xeito:

- Fixa una carga gandeira máxima. Por exemplo, para animais de ceba esta é de 15 porcos/hectárea (o que equivalería a 2,4 UGM/ha).
- Indica que se establecerá un programa de manexo e rotación que deberá ser aprobado especificamente polo goberno galego. Entre outros aspectos, o programa debe declarar a superficie total da explotación porcina extensiva, e detallar as parcelas de que consta.

Outra normativa non específica de aplicación en relación ao benestar animal:

- [Real decreto 1135/2002](#), do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos. Nel inclúense aspectos relacionados coa castración de machos, e outras mutilacións como a vincadura nasal e o corte de rabos.
- [Real decreto 1221/2009](#), do 17 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo. É este Real decreto o que aborda a castración de femias, e o que permite a castración de femias por motivos profilácticos nas explotacións en que poida existir posibilidade de contacto con xabarís.

<https://dx.doi.org/10.15304/9788410142138>